

Eduardo Pondal á procura do *verbo sublimado*. Arredor das re-escrituras pondalianas

Manuel Ferreiro
manuel.ferreiro@udc.es

1. Introducción

Eduardo Pondal Abente (6-2-1835 / 8-3-1917), contemporáneo de Rosalía de Castro (24-2-1837 / 15-7-1885), preside a Galiza literaria da segunda metade do século XIX e chega, por vida lonxeva, aos inicios do século XX, enlazando coas Irmandades da Fala, que, significativamente, cantan publicamente o Himno Galego no seu enterro.

Eduardo Pondal é autor temperán de textos poéticos en galego, desde 1857, antes do que a propia Rosalía, cuxo primeiro poema na nosa lingua, *¡Adiós qu' eu voume!*, apareceu en *El Museo Universal* no número correspondente ao día 24 de novembro de 1861. Por mor da súa participación, xunto con Aurelio Aguirre, no Banquete de Conxo, Pondal adquire un protagonismo sociocultural e literario indubitábel e consolídase, aos poucos, como o bardo do pobo galego, especialmente após a morte de Rosalía en 1885.

A partir do seu transcendental contributo á refundación da literatura galega e á creación e consolidación da denominada “escola formalista” (Méndez Ferrín 1984: 81-86), queremos analizar dous aspectos axiais que din respecto á figura e á obra pondaliana, cal a consolidación do unilingüismo galego na expresión literaria e o esforzo continuado de procura dun modelo culto, de calidade, para a literatura galega renacente.

2. A conquista do unilingüismo

Un ano despois do falecemento de Rosalía, en 1886, Pondal edita *Queixumes dos pinos* na ‘Biblioteca Gallega’¹, a obra-mestra da súa produción lírica, onde recolle, reelabora e amplifica grande parte da produción anterior que,

1 La Coruña: Latorre y Martínez, Editores.

como xa dixemos, se iniciara en 1857 coa publicación dunhas oitavas dos futuros *Eoas*.

Ora ben, conforme os datos de que dispomos, a primeira intervención (e produción) literaria pondaliana coñecida foi, sen dúbida, o público *Brindis* pronunciado, xunto con outro de Aurelio Aguirre, no Banquete de Conxo, no día 2 de marzo de 1856², ambos os dous en castelán. Este fermoso e apaixonado poema constitúe a primeira pedra dunha dedicación á literatura principiada coa utilización do español, que será o idioma inicial e dominante durante as primeiras décadas para, progresivamente, ser substituído polo galego como lingua preponderante, primeiro, e, despois, lingua única a partir de 1885. Con efecto, após a publicación de *Queixumes dos pinos*, Eduardo Pondal xamais volveu utilizar o español como lingua literaria en ningunha das obras posteriores³, éditas (quer opúsculos como *O dolmen de Dombate* e *A campana d'Anllóns*, ambos de 1895, quer poemas que van aparecendo en medios diversos) ou inéditas (*Os Eoas* é obra de creación, reformulación e refacción permanente ao longo de sesenta anos até a confección do dactiloscrito idiógrafo de 1913-14), para alén doutro volume lírico que Pondal non chegou a publicar e de que restan numerosos poemas manuscritos (cfr. Pondal 2002).

Eis a relación de *todas* as publicacións⁴ de Eduardo Pondal antes de *Queixumes*, isto é, entre 1856 e 1885⁵ para deseñar a secuencia cronolóxica castelán > galego e o devalo cara ao unilingüismo:

-
- 2 Sobre este acontecemento e a intervención de Pondal apareceron novos e interesantes documentos nos últimos tempos (cfr. Neira Pérez 2010: 363-373).
 - 3 Na realidade, escribiu un *Himno al besugo*, datado no 1 de xaneiro de 1905, significativamente asinado con pseudónimo (Aristides Valtierra), probablemente a petición de Picadillo para o seu famoso libro de cociña, publicado nese mesmo ano.
 - 4 Utilizaremos as siglas QP (*Queixumes dos pinos*), PI (poema impreso), PM (poema manuscrito) e E (*Os Eoas*), que se corresponden coa edición crítica da poesía de Eduardo Pondal (Pondal 1995, 2001, 2002 e 2005, respectivamente), para nos referirmos abreviadamente á obra pondaliana.
Por outra parte, acrescentamos información sobre os textos pondalianos pre-*Queixumes*, en xeral deficientemente datados e escasamente coñecidos.
 - 5 Aínda hai que sumar outras dúas composición en español, de que non coñecemos a data mais que supomos anteriores a 1885: *A la Coruña*, unha tópica composición constituída por dez oitavas reais, dedicada á cidade herculina; *Un cuento*, tamén publicado nunha folla impresa sen identificación, é un longuísimoo poema, de 308 versos, de carácter autobiográfico, escrito en clave burlesca. Súmese, finalmente, un poema en francés publicado nunha folla solta e resgatado por Carballo Calero (1961: 25-29). Das 62 publicacións computadas (non é de excluír que nalgún momento se recupere máis algún texto ou se localice algunha publicación cronoloxicamente máis recuada), todas son poemas en revistas, xornais ou volumes de homenaxe, agás dúas follas soltas (nº 25 e 32), catro breves opúsculos (nº 26, 29, 30, 33 e 54) e dous libros de pequeno formato (nº 18 e 34).

1. «Brindo por quien, señores, la victoria» [*La Oliva*, Vigo, 23-6-1856]. É o brindado poético pronunciado no Banquete de Conxo o día 6 de marzo de 1856, acontecemento político-literario que marcou a traxectoria de Eduardo Pondal.
2. *Ensayo. Fracmento de un poema* [*Galicia Médica* por el Dr. R. Otero. Entrega 3ª, Santiago, Imp. y Lit. de D. Juan Rey Romero, 1857, pp. 79-82]. Estas trece oitavas d'Os *Eoas* constitúen a primeira publicación de Eduardo Pondal en galego.
3. *En el album de la Señorita E. P.* [*El Iris de Galicia*, Coruña, 13-9-1857]. Poema (48 vv.) datado en “Cabo Rencudo, Agosto 10 de 1857” e dedicado a Emilia Pondal Abente, prima do poeta.
4. *Al mar Cántabro* [*El Iris de Galicia*, Coruña, 16-9-1857]. Longa oda de 171 versos, con dedicatoria ao “literato” José Landeira.
5. *Fiebre* [*El País*, Pontevedra, 1-9-1857]. Poema de ton amoroso encabezado con tres versos de *La divina commedia* de Dante.
6. *El tabaco* [*El País*, Pontevedra, 10-1-1858]. Composición de ton romántico (52 vv.), de temática amorosa por baixo dun aparente louvor do tabaco.
7. *El canto de un brigante. A campana d'Anllóns* [*El País*, Pontevedra, 14-2-1858]. É a primeira versión do coñecido poema pondaliano (QP 79).
8. *Adiós, mi hermana. No es por siempre. Adiós* [*El País*, Pontevedra, 27-6-1858]. Poema encabezado por tres versos camonianos da elegía *A D. António de Noronha, estando na Índia*.
9. *De Geleil-Ebn-Geleil a Ceti-Merier cautiva* [*El País*, Pontevedra, 17-10-1858]. Longo poema de 144 versos, encabezados cunha citación de catro versos do Canto VII de *La Gerusalemme Liberata* de Torquato Tasso.
10. *Pirata* [*El País*, Pontevedra, 24-10-1858]. Breve poema dedicado “A mi buen amigo José López de la Vega”, médico e escritor ferrolán.
11. *Lava* [*El País*, Pontevedra, 21-11-1858]. Poema encabezado por unha cuadra do camoniano *Sóbolos rios que vão*.
12. *La Inocencia* [*El Album de El Miño. Colección de artículos literarios, historia, biografías, novelas, poesías ...* Tomo Primero, Vigo, Establecemento tipográfico de D. J. Compañel, 1858, pp. 28-30]. Longo poema (144 vv.) de ton romántico.

13. *Orgullo* [*La Perseverancia*, Pontevedra, 28-4-1859]. Significativa elaboración poética arredor da figura do poeta-bardo, posteriormente traducida para o galego, mais non publicada (cfr. PM 14).
14. *¿Qué es el amor?* [*El Ateneo*, Coruña, 29-10-1859]. Breve poema amoroso de oito versos.
15. «Inclinó el cedro la orgullosa frente» [*Corona fúnebre á la memoria de Aurelio Aguirre Galarraga*. Publicada baixo la dirección del Dr. D. José Domínguez Izquierdo. Santiago, Imprenta de Manuel Mirás, 1859, pp. 30-31]. Trátase dunha sentida composición de ton elexíaco, composta por oito oitavas reais.
16. *Como sueño ver a mi querida* [*La Joven Galicia*, Santiago de Compostela, 8-1-1860]. Os seis versos do poema responden aínda á atmosfera romántica dos primeiros escritos pondalíanos.
17. *A mi joven prima Emilia Pondal, que me ha dado un beso a trueque de saber cual es la vida y poder del poeta* [*El Miño*, Vigo, 25-2-1860]. De novo dous versos de Tasso encabezan este poema.
18. *Fátima. Leyenda* [Coruña, Imprenta de Castor Míguez, 1862]. Opúsculo que contén unha longa lenda orientalizante de 677 versos, novamente sob o patrocinio de Tasso e dedicada a Ramón Otero de Acuña, mestre e amigo de Pondal que xa lle editara os primeiros versos d' *Os Eoas*.
19. *A un labio entreabierto* [*El Miño*, Vigo, 2-4-1862]. Breve poema de ton amoroso.
20. *A un labio caído*. Texto complementario do anterior, de publicación póstuma (Naya 1946-1950: 167-169), debeu ser tamén publicado en *El Miño* neste mesmo ano de 1862.
21. *Todo por ella* [*El Miño*, Vigo, Abril 1862⁶]. De novo encabezado por versos de Tasso, este longo poema (88 vv.) está dedicado “A mi ilustre amigo D. Agustín de Burgos, segundo comandante del 5º batallón de Marina”.
22. *A Elisa*. Este soneto, encabezado cunha citación de Ariosto, que chegou a nós nun recorte d' *El Miño*, debe formar parte do conxunto de composicións publicadas no diario vigués entre 1860 e 1862.
23. *Plegaria a ella*. Igual que o anterior, consérvase nun recorte d' *El Miño*, probabelmente entre 1858 e 1862.

6 No recorte do xornal vigués que conserva o texto só aparece o mes.

24. *Plegaria* [*El Miño*, Vigo, 20-8-1862]. É un poema longo de 104 versos sobre a figura do poeta.
25. *Soñando. Danza* [Poema publicado nunha folla impresa na Imprenta Taxonera, de Ferrol]. Nesta cidade estivo Pondal arredor do ano 1862, período en que colaborou no Entroido ferrolán⁷.
26. *A América Descuberta. Canto V. Fragmento* [s. l., 1864?]. O ano de publicación deste opúsculo, con 35 oitavas d' *Os Eoas*, vén suxerido pola petición de comentarios a Murguía en dúas cartas de Pondal: "Dígame V. también algo sobre mi Fragmento del poema a Colón" (25-9-1864), ou "Espero que V. mire con ojos severos mi trabajo último. Decirme la verdad; sólo a ésta busco" (18-9-1865)⁸.
27. *Oda* [*Galicia. Revista universal de este Reino*, Coruña, 15-2-1865]. Esta composición, de 86 vv., está datada: "Coruña, 10 de Setiembre de 1864".
28. *El primer rubor* [*Galicia. Revista universal de este reino*, Coruña, 1-3-1865]. Tópica composición dialogada, o último poema que responde ao inicial romanticismo do poeta.
29. *Juan Pérez. La humanidad tal cual fué, es y será, ó Los hombres por dentro*, por ..., [Coruña, Tipografía Galaica, de los Sres. Brañas y F. y Miranda, 1866]. É o único texto narrativo –de fondo autobiográfico– publicado por Pondal.
30. *A Campana d'Anllons. El canto de un brigante*, por ..., [Coruña, Imprenta de D. Eusebio Cascante, 1866]. Nova versión en opúsculo, con algunha mudanza, do primeiro poema lírico pondaliano en galego (QP 79). *Vid.* nº 7.
31. *El Gontón* [1869. *Almanaque de Galicia para uso de la juventud elegante y de buen tono dedicado á todas las bellas hijas del país*. Año sexto, Lugo, Imprenta de Soto Freire, Editor, 1868, pp. 74-75]. É o primeiro poema en que aparece con absoluta transparencia a influencia ossiánica.
32. *Canto de las vírgenes celtas* [Folla solta publicada na Imprenta de *El Diario*, Rúa del Villar, 1, de Santiago de Compostela]. O poema iníciase cunha significativa cita de Ossian. A data de edición debe ser 1868 (a imprenta estableceuse en 1865 en Santiago), coherente coa temática ossiánico-celtista que se manifesta xa explicitamente

7 Cfr. as cartas de Pondal a seu irmán Cesáreo desde Ferrol en 1862 (Ferreiro 1991a: 79-80).

8 Todas as cartas, notas manuscritas e recortes de textos proceden da documentación de Eduardo Pondal actualmente depositada na Real Academia Galega.

- neste ano co poema *El Gontón*, após a publicación francesa dos poemas de Ossian⁹, presente na biblioteca de Eduardo Pondal.
33. *A Fada dos Montes. Poesía* [Santiago, Tip. de Manuel Mirás y Alvarez, 1872]. Este poema, con diversas modificacións, foi incorporado a *Queixumes dos pinos* [«Fada garrida de leves alas», QP 51].
34. *Rumores de los Pinos. Poesías* [Santiago, Tipografía de M. Mirás y Alvarez, 1877]. Este pequeno libro, de 68 páxinas, contén 21 composicións, das cales once están escritas en galego e dúas son bilingües, fronte a oito en castelán. Todos os poemas en galego ou bilingües (QP 18 e 30), con modificacións, xunto con catro textos casteláns traducidos (QP 8, 16, 19 e 20), son incorporados sen título a *Queixumes dos pinos*: “Pasajeros rumores de los pinos”; *Rosa de Corcoesto* [= QP 13]; “Ou terra de Bergantiños” [= QP 12]; “Q’ ó teu peito hé menos branca” [= QP 17]; “Somos como dos riberas”; “Os baixos *Miñarzos* son” [= QP 9]; “No sé en que tierra estraña, entre que gente” [> QP 16]; “No hay una fuente tan fresca y pura” [> QP 8]; *Gundar, fillo d’Ouco* [= QP 14]; *El cabo* [> QP 20]; *La nostalgia de la nodriza* [= QP 18]; *Amor de marino*; *El sueño de primavera* [> QP 19]; *El rapto*; *A volta ó eido* [= QP 23]; *A aposta* [= QP 25]; *Hermesinda de Barcala* [= QP 29]; *A fada Rouriz* [= QP 26]; *Xente alléa* [= QP 28]; *Langüelle* [= QP 21]; *El recuerdo de la pátria* [= QP 30].
35. *Lugar* [*La Ilustración de Galicia y Asturias*, Madrid, 3, 1-8-1878, p. 45]. Poema incorporado a *Queixumes* («Castaños de Dormeá», QP 37).
36. *O figueiral* [*La Ilustración de Galicia y Asturias*, Madrid, 4, 15-8-1878, pp. 45-46]. Poema incorporado a *Queixumes* («Cando te vexo m’ acordo», QP 46).
37. *A alma do bardo* [*La Ilustración Gallega y Asturiana*, Madrid, I, 11, 20-4-1879, p. 129]. Poema incorporado a *Queixumes* («Cando no escarpado cabo», QP 35).
38. *Estramil* [*La Ilustración Gallega y Asturiana*, Madrid, I, 20, 20-7-1879, p. 245]. Cfr. PI 1 («D’Urbán nobre filla»).
39. *O castro Nemenzo* [*La Ilustración Gallega y Asturiana*, Madrid, II, 1, 8-1-1880, p. 8]. Poema incorporado a *Queixumes* («Rei dos castros, castro forte», QP 43).

9 *Ossian, barde du IIIe siècle*. Poèmes gaéliques recueillis par James Mac-Pherson. Traduction revue sur la dernière édition anglaise et précédée de recherches critiques sur Ossian et les calédoniens par P. Christian, Paris, Librairie de L. Hachette et Cie, 1867.

40. *Insomnios* [*Gaceta de Galicia*, Santiago de Compostela, 17-11-1880]. Poema incorporado a *Queixumes* («Sobr' o gallo do pino», QP 59).
41. *Última vontade* [*Gaceta de Galicia*, Santiago de Compostela, 25-11-1880]. Este poema foi publicado tamén en *La Voz de Suevia* (Pontevedra, 16, 2-3-1882) con modificacións importantes, e novamente revisado para a súa incorporación definitiva a *Queixumes* («Cando jazan do cisne», QP 58).
42. *La dulce libertad* [*Gaceta de Galicia*, Santiago de Compostela, 7-12-1880]. Breve poema sobre a liberdade amorosa do poeta.
43. *O zrexial* [*La Ilustración Gallega y Asturiana*, Madrid, II, 36, 28.12.1880, p. 455]. Poema incorporado a *Queixumes* («Á sombra tecida», QP 36).
44. «Coronados de flores voluptuosas» [*Gaceta de Galicia*, Santiago de Compostela, 15-3-1881]. Traducido ao galego, foi incorporado a *Queixumes dos pinos* («Coroados de frores» QP 73).
45. «Da alma no fondo» [*La Ilustración Gallega y Asturiana*, Madrid, III, 26, 18-9-1881, p. 309]. Poema incorporado a *Queixumes* (QP 57).
46. *A Andrés Muruais* [*Corona fúnebre á la memoria del llorado poeta gallego Andrés Muruais. 20 Noviembre 1851/21 Octubre 1882*, Pontevedra, Imp. de J. Millar, 1883, pp. 69-70]. Poema incorporado a *Queixumes* («Cal caera o radiante», QP 74).
47. «Como soe gentil arboladura» [*La Ilustración Cantábrica*, Madrid, IV, 18, 28-6-1882, p. 212]. Poema incorporado a *Queixumes* («Cal soe arboladura», QP 48).
48. «Un lindo zagalexo» [*El Eco de Galicia*, Habana, 21, 19-11-1882]. Poema incorporado a *Queixumes* (QP 38).
49. «Alcanzarla no puedo» [*El Eco de Galicia*, Habana, 31-12-1882]. Trátase do derradeiro poema escrito en español de temática romántico-amorosa.
50. «No para que cobréis innoble encono» [*Gaceta de Galicia*, Santiago de Compostela, 2-5-1884]. O poema celebra a rebelión contra os franceses do 2 de maio en Madrid.
51. «Pues que la noble raza» [*Gaceta de Galicia*, Santiago de Compostela, 29-7-1884]. O texto deste poema foi lido o día 22 de xullo de 1884, nunha sesión solemne conmemorativa do primeiro centenario da Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago de Compostela.

52. *A Carvajal* [*La Voz de Galicia*, Coruña, 17-8-1884]. Poema incorporado a *Queixumes* («A vontade homérica», QP 75).
53. *Una galleguita al niño Carvajal* [*La Voz de Galicia*, Coruña, 17-8-1884]. Cfr. PI 2 («Cando te vejo»).
54. *Gandreiras* [Coruña, Imprenta de LA VOZ DE GALICIA, 1884]. Este opúsculo contén dous poemas que foron incorporados a *Queixumes* («Boandanza, saúde», QP 45; «Virgen, valme, un cadavre», QP 81).
55. «Oh ti, qu'antigamente» [*Gaceta de Galicia*, Santiago de Compostela, 26-1-1885]. Cfr. PI 3.
56. «Cando os duros machados» [*La Voz de Galicia*, Coruña, 26-4-1885]. Poema incorporado a *Queixumes* (QP 76).
57. «Yo sé dónde moran» [*La Voz de Galicia*, Coruña, 14-6-1885]. Traducido para galego, foi incorporado a *Queixumes dos pinos* («Eu sei donde moran», QP 52).
58. «Muy blancas, muy blancas» [*La Voz de Galicia*, Coruña, 21-6-1885]. Traducido tamén para galego, foi incorporado a *Queixumes dos pinos* («Mui brancas, mui brancas», QP 80).
59. «Yo sé dónde moran» [*La Voz de Galicia*, Coruña, 1-7-1885]. Tamén traducido, foi incorporado a *Queixumes dos pinos* («Eu sei donde moran», QP 54).
60. «Pobre hoja del seco estío ardido» [*El Ciclón*, Santiago de Compostela, 18-7-1885]. Poema probablemente escrito por mor da morte de Rosalía de Castro.
61. «Pilleina antr'os pinos soa» [*La Voz de Galicia*, Coruña, 30-7-1885]. Poema incorporado a *Queixumes* (QP 47).
62. «Quen brando vegeta» [*La Voz de Galicia*, Coruña, 12-9-1885]. Poema incorporado a *Queixumes* (QP 77).

A secuencia de publicacións de textos pondalianos permite tirar diversas conclusións sobre o proceso creativo-editor do poeta e os usos lingüísticos na súa produción literaria. En primeiro lugar, é de salientar o carácter temperán do uso do galego na poesía, pois hai que recuar a 1857 para a aparición do primeiro texto pondaliano na nosa lingua (as primeiras elaboracións d'*Os Eoas*, axiña seguidas, no ano seguinte, por un dos textos máis significativos, en termos de recepción, de Eduardo Pondal, cal é *A campana d'Anllóns*). Nótese como a autora fundacional da nova literatura galega, Rosalía, publica o seu primeiro texto en galego catro anos despois.

Por outra banda, verbo da relación con Rosalía de Castro, para alén da conexión persoal (directa e indirecta) e cultural (ambos os dous coincidiron no seu primeiro período compostelán arredor do Liceo de la Juventud e doutros centros e institucións da capital galega), semella decisiva a influencia da autora de *Follas Novas* para a reconversión de Eduardo Pondal como poeta galego en exclusiva. As datas de publicación dos textos pondalianos mostran como é en 1863, ano da edición primeira de *Cantares Gallegos*, cando o futuro Bardo reorienta lingüisticamente a súa produción literaria para o galego: entre 1857 e 1863 publica un total de vinte e cinco textos, dos cales só dous foron escritos e editados en galego; entre 1864 e 1885, dun total de trinta e sete publicacións, só catorce delas foron escritas en castelán, e aínda catro destas foron reaproveitadas para *Queixumes* por medio da autotradución para galego¹⁰.

Após a publicación de *Queixumes dos pinos* (1886), a cima do lirismo pondaliano, o poeta de Bergantiños só dá a lume dous opúsculos nove anos máis tarde: *O dólmen de Dombate* (La Coruña, Impr. y lib. de E. Carré, 1895), e *A Campana d'Anllons* (La Coruña, Imprenta y librería de Carré, 1895), unha nova versión, moi amplificada, do seu primeiro poema galego de carácter lírico, cuxa edición inicial se producira en 1858.

Deste modo, a nova triloxía poética *Dos Eidos, Dos Servos, Do Íntimo* en que Pondal traballou após a edición dos *Queixumes* ficou inédita¹¹, o mesmo que *Os Eoas*, poema épico obsesivamente escrito e reescrito entre 1857 e 1914, ano en que o poema deixou unha versión preparada para a súa publicacións (cfr. Pondal 2005).

Os datos obxectivos derivados da secuencia cronolóxica de publicacións indica, pois, que Eduardo Pondal se converteu nun autor unilingüe en galego xustamente após a morte de Rosalía de Castro, que, como xa vimos, probablemente o condicionara tamén en prol da lingua nacional coa publicación dos *Cantares* en 1863. Mais, para alén dos feitos obxectivos, concretados no fundamental na súa obra lírica, onde son extremadamente frecuentes os textos explícitos de defensa e reivindicación da nación e da lingua, acordos coa férrea vontade pondaliana de ser o poeta nacional, a posición patriótica de Eduardo Pondal é indubitable á vista da permanente

10 A realidade é un pouco máis complexa, pois computamos *Rumores de los pinos* como unha publicación galega, aínda que, como xa vimos, neste libro Pondal reúne vinte e un poemas, en galego e en castelán; do mesmo xeito, o breve opúsculo *Gandreiras* inclúe dous poemas –en galego–, tamén incorporados a *Queixumes* (QP 45 e QP 81).

11 Os seus materiais, desorganizados e dispersos, constitúen a parte fundamental dos *Poemas Manuscritos* (Pondal 2002).

reivindicación nacionalista manifestada tanto directamente na súa obra poética como noutros textos complementares:

1. O prólogo d' *Os Eoas* explicita unha intención lingüístico-patriótica evidente, que debeu condicionar a elaboración de toda a súa obra poética¹²:

Este traballo poético escribí unicamente con el objeto de demostrar que nuestro antiguo cuanto ilustre verbo gallego es no sólo capaz de los más muelles y blandos acentos, sinó también de los mas arduos y arriscados y propios de mayores empeños.

2. A interpretación de *Queixumes dos Pinos* non permite dúbidas verbo do verdadeiro sentido e intención da súa obra poética. Eis unha resposta de Pondal para un dos estudosos que lle solicitaban información acerca da súa obra¹³:

[Casi] todos los escritores que [se han] ocupado con mas [o] menos brillantez de los [*Rumores*] y *Queixumes de [los Pinos]* del [Sr.] Pondal, casi to[dos] extienden sus estu[dios] a los elementos menos trascendentales, y no han [captado el] elemento capit[al], el elemento culminante [de su] obra.

Nosotros creemos haber descubierto su verdader[fo] sentido.

Los *Rumores*, los *Queixumes de los Pinos* son un símbolo, un símbolo que revela un gran proposito latente....: el resurgimiento y la redención de su querida Galicia.

Son, además, una queja, una protesta, una [...], una rebelión contra la abrasión y despotismo castellanos por [haber] intentado borrar la [len]gua, las costumbres, [la] poesía, [el alma gallega] y la vida ¿regional? [de Galicia].

12 As notas iniciais d' *Os Eoas* seguramente foron escritas en castelán pola posibilidade de publicar o épico poema en Madrid, na Editorial Ribadeneira, xa que tamén existen versións en galego do prólogo (Pondal 2005: XLVII).

13 Deste texto, con dous títulos ("Concepto de los *Rumores* y de los *Queixumes* de Pondal" ou, alternativamente, "Nota. Trascendentalismo de la obra del Sr. Pondal") consérvanse diversas versións manuscritas na RAG, de lectura moi difícil pola deficiente conservación material do papel e as dificultades intrínsecas da escrita do poeta (recollemos entre chaves {...} o texto entreliñado nos manuscritos).

A interpretación "pondaliana" da súa propia obra aínda fica máis esclarecida e confirmada se considerarmos outras afirmacións na redacción diverxente da mesma nota, onde alude aos xuízos de Emilia Pardo Bazán (1984: 67-81): "La S^a Bazan solo atendió [a la] part[e] soñadora y amorosa [de los] *Queixumes*, mas no dio [en la] clave de esos cantos [...]. Mas en los *Rumores* y en [los] *Queixumes*] nosotros no vemos [más que] una cosa....: una rebelión, una protesta; [mas la] parte revolucionaria, [la parte] política, la parte [patriótica], esas no las vio la Bazán [...]"

He aquí la verdade[ra interpretación] final de los *Rumores* y de los *Queixumes*.

El arrebatado Tirteo y [el] elegíaco Calinos [son los] que palpitan prin[cipal]mente en las rimas del [Sr.] Pondal.

3. Eduardo Pondal participou activamente nas institucións galegas existentes, nomeadamente como membro numerario na Academia que acababa de se constituír. Para esta institución escribiu unhas reveladoras *Proposiciones a nuestra Academia Gallega*:

1º Léxico gallego moderno. Recoleccion de todas las voces gallegas que se hablan actualmente en nuestras cuatro provincias; recolección inspirada en un ¿espíritu? amplio y tolerante, huyen[do] de esos lexicos a la antigua usanza, que oprimian la lengua y el escritor en una turquesa de hierro producto de espíritus tímidos y pedantes.

Todas las voces de un pueblo de la misma ¿raza? deben figurar en un buen léxico sin ¿autores? de region ni privilegios irritantes.

Somos hijos del {Estamos en el} tiempo de las fórmulas capaces, y no de las tímidas y restrictas en este y en todos respectos.

2º Léxico gallego antiguo. Este interesante lexico debe tomarse de nuestros documentos antiguos de todo genero (Documentos literarios {y poeticos} y documentos publicos {y aun del portugués en los casos dudosos}).

Es excusado encarecer la excelencia de un lexico gallego antiguo.

3º Restauracion de todos los nombres de lugares de toda nuestra region, barbaramente alterados y corrompidos por la punible ignorancia de nuestra administracion (de toda clase de gobernantes, casi siempre castellanos) que con una impudicia sin ejemplo plagaron las bellas eufonías de nuestros vocablos gallegos.

4º Recoleccion de todas nuestras {bellas} tradiciones de todos tiempos y generos que deben formar ¿como? el protoplasma de nuestra poesía.

5º Numeración {e inventario} de todos nuestros castros y de todos nuestros dolm[en]es que actualmente existen.

Disposiciones p^a su conservacion.

Efectivamente, o poeta da Ponteceso contribuíu para o dicionario académico recollendo e redixindo un vocabulario, ao tempo que tamén recompilou e comentou algúns topónimos significativos dos seus eidos nativos¹⁴.

14 Os orixinais manuscritos tamén se conservan na Academia. Cfr. unha edición destes materiais pondalianos en Gómez Clemente & Arias Freixedo (1990: 11-46).

4. Finalmente, Pondal tamén tentou contribuír á normalización lingüístico-literaria do galego alén do ámbito poético, entrando no campo teatral, tal como mostra o manuscrito dunha obra dramática inacabada, que, co título *María de Lebosende (Suidades da terra)*, é definida polo poeta como “Breve rasguño dramático descrito [sic] espresamente para as rapazas Anguita”. Tal obra tivo de ser escrita a petición da Escola Rexional de Declamación que, por outra parte, encontraba problemas para dispor de actrices: as irmás Anguita, Julia e María, foron precisamente as primeiras que subiron ao escenario o 18 de xaneiro de 1903 (Tato Fontaiña 1999: 47-48).

3. A consecución dun modelo culto

É lugar común a consideración de Pondal como “poeta culto”, xa desde o propio século XIX: a súa formación lingüístico-literaria, con coñecemento de diversas linguas e literaturas clásicas (latín e grego) e modernas (portuguesa, italiana, francesa, inglesa)¹⁵; a súa formación universitaria, nunha altura en que tal condición non era frecuente; a acumulación e asimilación de múltiples lecturas, testemuñadas pola súa biblioteca e manifestadas tamén na obra poética... En fin, no que máis directamente atinxe a lingua, a súa obvia preocupación pola elevación e a depuración do idioma exprésase a través dun horacianismo manifesto nos seus procesos creativos, que, na procura dunha lingua *nobre e harmoniosa*, o leva a acumular múltiples versións con innumerábeis correccións e emendas, tal como testemuñan os numerosos manuscritos conservados¹⁶. De similar modo, as correccións das probas de imprenta de *Queixumes*, testemuñadas a través da correspondencia con Martínez Salazar, reflicten a preocupación pondaliana até polos mínimos pormenores canto ao texto e á colocación dos poemas na súa primeira grande obra lírica (cfr. Ferreiro 1991a: 123-125).

15 O francés (cfr. nota 4) e o italiano foron mesmo linguas de escrita para Eduardo Pondal. Nesta lingua consérvase tamén unha oitava manuscrita inspirada na *Gerusalemme Liberata* de Tasso (Carballo Calero 1961: 266-267).

16 Nesta mesma liña están as reflexións do poeta sobre a “inspiración” nos procesos creativos, concretadas nunha nota manuscrita co título *El estilo es el éxito*: “El éxito de todos los grandes poetas (Camoës, Tasso, Ariosto, Milton, Byron) estriba todo en la elocución (*Ermenéias* de los griegos) y en el constante arte y *artificio* elegante. No desconocemos, no obstante, que los nobles pensamientos ¿influyen? mucho. No desconocemos su parte. Todo eso que se dice de espontaneidad y salir de un tirón lo que se escribe..., es grande ignorancia. Todo es una brega, y [todo] parto laborioso, y esfuerzo obstinado y *enragé* en la colocación de las palabras”.

A partir do conxunto de textos publicados antes de *Queixumes* e despois incluídos nesta obra após relectura e corrección do autor, co concurso dalgunha outra composición que tivo máis de unha edición ou revisión con responsabilidade directa do poeta (PI 10, 14 e 30), pode evidenciarse como Eduardo Pondal foi matizando e modulando o seu modelo lingüístico na procura dunha lingua literaria elevada e de máxima calidade, a de *aqueles qu' illustres erguendo / a lingua sonora / qu' imita da fôrmiqgue / as fêrvidas cordas, / e os rudos acentos / dos pinos que soan* (PM 55.43-48). A análise pormenorizada dese proceso (re)construtivo permite tirar algunhas conclusións firmes¹⁷.

3.1. Superación do modelo dialectal ou a procura da estandarización

A partir de 1880 acelerouse o proceso de formación do estándar literario galego moderno coa publicación das fundamentais obras *Follas Novas* e *Aires da miña terra*, para alén da produción anterior, especialmente após a aparición dos *Cantares Gallegos* rosalianos en 1863. Cos pés firmemente chantados nos nativos eidos bergantiñáns, Pondal xera un modelo lingüístico ancorado na súa terra de nacemento, mais non alleo a outras realidades lingüísticas extradialectais: a variedade lingüística falada e escrita na nación do alén-Miño, por unha banda, e, por outra, coa ollada posta na lingua histórica, isto é, nos monumentos literarios medievais, que tanto interese despertaban no Bardo (cfr. a “proposición” 2ª á RAG), como mostra a elaboración do primeiro poema neotrobadoresco galego (cfr. Ferreiro 1997) ou a celebración do aparecemento de obras medievais, cal a *Crónica Troiana* (cfr. PI 33). Eis, pois, o seu proxecto dun galego de calidade, baseado na ‘autenticidade bergantiñá’, coa lingua histórica como pano de fondo.

Na ‘reconversión’ lingüística pondaliana en prol desa estandarización que aos poucos se estaba a producir, deben ser inscritas certas mudanzas de tipo gráfico que se detectan na obra do Bardo, sen dúbida debidas ao afán de confluír nun necesario modelo ‘común’: o abandono das esporádicas grafías <lh> e <n> para os fonemas palatais /ʎ/ e /ɲ/, tanto nalgunhas composicións líricas (*minba* > *miña*, QP 51.19, 79.7, 10, 53, 66, 69), como nos eicosos versos d’*A América descuberta: filbo* e derivados (vv. 35, 114, 146), *olbos* (vv. 43, 50, 108, 140), *velbo* (vv. 12, 13); *tinba* (v. 17) *minba* (vv. 201, 205).

Ao mesmo tempo, elimina certo tipo de vacilacións vocálicas en prol das formas xerais (*sospiros* > *suspiros*, QP 48.15; *dispidiño* > *despediño*, PI 14.267)

17 Sen entrarmos noutras mudanzas de tipo métrico e estilístico, que xa foron apuntadas en Carballo Calero (1975: 296-302) e que son merecentes dunha análise e estudo tamén pormenorizado.

e, sobre todo, consolida a práctica desaparición gráfica na súa obra dun fenómeno como o seseo: *atrós* > *atroz* (QP 79.48), *lus* > *luz* (QP 45.141, 146; 81.28, 82), *palidés* > *palidéz* (QP 45.118), *vellés* > *vellez* (QP 25.77, 27.23), *ves* > *vez* (QP 14.71), *vos* > *voz* (QP 30.122, 43.47; PI 14.6, 8, 12, 255, 270)¹⁸.

Do mesmo xeito, no ámbito fono-morfolóxico tende a eliminar as variantes *quale cuando* (*qual* > *cal*, QP 43.23; *quando* > *cando*, QP 37.17), de probábel influencia camoniana¹⁹, ao tempo que no ámbito verbal reconverte solucións minoritarias, de teor antigo e/ou dialectal, na procura das formas xa máis xerais e estendidas na lingua literaria galega da altura: así debemos interpretar a substitución dalgunhas formas máis históricas (e minoritarias) de *ouvir* (*ouzo* > *oio*, QP 79.8; 79.18. *ouviu* > *oío*, QP 79.18), ou a mudanza de *traje* (P3 do presente indicativo do medieval *trager*) para acoller unha forma máis moderna, aínda que minoritaria (*traje* > *trague*, QP 25.92). Tamén claramente dialectal era *caestes* (P2 de pretérito de *caer*), reconvertida en *caeches* (QP 74.19), e máis aínda a ausencia da desinencia *-n* na P1 de pretérito dos verbos da II e III conxugación, que aparecían en 1862 e sufreron refacción en 1886: *sentí* > *sentín* (QP 51.22) e *aprendí*, reconvertido en *insinou* con mudanza de redacción (*Donde a aprendí* > *Quen m' a insinou*, QP 51.57).

Outrosí, tamén no léxico se percibe tal estandarización, pois dese modo deben ser interpretadas mudanzas como *sono* > *soño* (QP 79.18), con distinción *-xeral-* entre os resultados de SOMNUM e SOMNIUM, ou, moi especialmente, a desaparición de *soudá* e *soudade* en prol de *soedá* (QP 14.37) e *soedade* (QP 14.79).

3.2. Reversión galeguizadora

Entre as publicacións pondalianas do período pre-*Queixumes* e o modelo lingüístico confirmado na súa obra-mestra de 1886 e despois mantido na produción posterior, constátase unha vaga de 'galeguización' que se manifesta de dous modos fundamentais. En primeiro lugar, percíbese unha xeneralización gráfica, de raíz diferencialista, que provoca a extensión²⁰ de <-i> en vez do anterior <-y> (*cay* > *cai* (QP 30.120); *fay* > *fai* (QP

18 Como desaparece tamén o único caso de seseo explosivo documentado na obra pondaliana (talvez de inspiración rosaliana): *grasia* > *gracia* (QP 36.62). Outros casos de seseo foron eliminados por medio de refaccións redaccionais: *Lus propia en tempo antigo* > *Un resprandor altivo* (QP 81.44); *E con un ton de vós* > *E con un triste acento* (QP 81.59).

19 Considérese tamén a contraditoria actitude no uso da adversativa *mais* / *mas* (cf. *mas* > *mais*, QP 46.33), máis unha vez por probábel influencia portuguesa, vehiculizada a través do modelo d'*Os Lusíadas*.

20 Con algunha contradición, como a sistemática manutención de *muy*.

25.24); *hachey* > *achei* (QP 51.30); *hay* > *bai* (QP 14.11, 25.50, 81, 82, 93; 36.10, 22; 46.10, 34; 75.27); *ley* > *lei* (QP 51.27); *rey* > *rei* (QP 43.1); *Romay* > *Romai* (QP 26.16); *vay* > *vai* (QP 25.16, 75, 93; 37.16; 46.24)²¹ e, tamén, a substitución gráfica de <qu'> por <q'>, sen dúbida por motivos de diferencialismo visual: *qu' be* > *q' be* (QP 14.89); *qu' ó escuitalas* > *q' escuitalas* (QP 25.86); *qu' â* > *q' a* (QP 30.88); *qu' estala* > *q' estala* (QP 30.107); *qu' entre* > *q' antre* (QP 30.120). Na mesma liña debe ser interpretada a intensificación de crases gráficas que afectan a vogal final de diversas clases de palabras, nomeadamente palabras gramaticais, con obvia preferencia pola desaparición de /e/ final por fonética sintáctica²²: *anque hé* > *anqu' é* (QP 28.25); *aquela be* > *aquel' é* (QP 12.36 e 42); *cando era* > *cand' era* (QP 12.5); *cando eu* > *cand' eu* (QP 23.9); *coma un* > *com' un* (QP 36.36); *como as* > *com' as* (QP 28.14); *como hé* > *com' é* (QP 25.83); *como unha* > *com' unha* (QP 79.44); *como unhas* > *com' unhas* (QP 36.38); *da areosa* > *d' areosa* (QP 18.45); *de agradar* > *d' agradar* (QP 25.84); *donde a* > *ond' a* (QP 14.33); *entre os* > *antr' os* (QP 43.16); *inda apreixando* > *ind' apreixando* (QP 74.23); *levade esta* > *levad' esta* (QP 21.15); *me acordo* > *m' acordo* (QP 14.53); *me acordo* > *m' acordo* (QP 14.53); *que agora* > *q' agora* (QP 26.41); *que en* > *q' en* (QP 21.11); *que és* > *q' és* (QP 21.2); *que hay* > *qu' hai* (QP 14.11); *que oíches* > *q' oíches* (QP 25.10); *que un* > *q' un* (QP 14.66); *que antigo* > *q' antigo* (QP 51.30); *porque a* > *porq' a* (QP 51.59); *que honrara* > *q' honrara* (QP 74.18); *que aquí* > *q' aquí* (QP 81.69); *se â* > *si â* > *s' â* (QP 79.53); *se acorda* > *s' acorda* (QP 14.66); *se agora* > *s' agora* (QP 14.53); *se alguén* > *s' alguén* (QP 79.56); *se ofrece* > *s' ofrece* (QP 46.21); *sempre iba* > *sempr' iba* (QP 23.21); *sobre o* > *sobr' o* (QP 12.23, 51.42); *sobre un* > *sobr' un* (QP 18.49).

Porén, o proceso de 'enxebriación' pondaliano non se limita aos aspectos gráficos, pois emenda acertadamente algunhas voces co grupo /bl/ (*blando* > *brando*, QP 79.4; *nobles* > *nobres*, QP 51.68), ao tempo que intensifica o proceso de rotatización nestes grupos de oclusiva ou /f/ + líquida: *gloriosos* > *groriosos* (QP 81.92), *resplandor* > *resprandor* (QP 51.48), *temblando* > *tembrando* (QP 79.44), *flor* > *fror* (QP 79.44)²³. Na mesma liña debemos inscribir outras mudanzas na procura dunha lingua máis enxebre, reforzando sempre o popular-diferencial: *entonces* > *estonces* (QP 23.19), *entre* > *antre* (QP 12.47, 14.91, 30.98, 30.120, 35.10,

21 As mudanzas gráficas van alén das indicadas, pois resultan significativas, por exemplo, algunhas emendas acordes coa orixe etimolóxica en voces como *bojo* > *voxo* 'voo' (QP 79.54) ou *bougo* > *vougo* (QP 25.33).

22 Porén, achamos un exemplo de corrección contraria: *pr' olvido* > *pra olvido* (QP 14.88).

23 Nótese o caso contrario nun cultismo: *subrime* > *sublime* (QP 74.21).

43.16); *espuma* > *escuma* (QP 51.47), *fermosura* > *formosura* (QP 43.25)²⁴; *mellor* > *millor* (QP 28.12); *pinar* > *pinal* (QP 30.78); *peregrino* > *pelegrino* (QP 81.26); *semellantes* > *somellantes* (QP 37.5, 75.19); *solás* > *zolás* (QP 36.6, 46.8).

E, asemade, asistimos ao reforzo de trazos popular-dialectais bergantiñáns (universalización do grupo *-ui-*, xeneralización da desinencia *-no* na P6 de pretérito indicativo), na procura dun “diferencialismo defensivo”: *noite* > *nuite* (QP 79.23 e 58); *buscaron* > *buscano* (QP 29.4); *casaron* > *casano* (QP 12.6); *foron* > *fono* (QP 30.69); *levaron* > *levano* (QP 12.9); *pasaron* > *pasano* (QP 30.125); *renderon* > *rendeno* (QP 43.30); *sucumbiron* > *sucumbino* (QP 14.62). Esta mesma tendencia é a que explica a procura de formas máis ‘galegas’ como alternativa a outras menos connotadas: *abrindo* > *erguendo* (PI 30.7), *alza* > *ergue* (QP 29.7), *brotan* > *erguen* (QP 76.13), *torrente* > *regueiro* (QP 30.119 e 123). Outras moitas substitucións presentan ese mesmo espírito enxebrizador, aínda que non sexa tan evidente: *altos é verdes* > *fungadores* (QP 14.4), *confín* > *eido* (QP 14.72), *sitio* > *eido* (QP 30.75), *estremecer* > *resoar* (QP 30.100), *maleza* > *mato* (QP 30.110 e 120), *alma* > *espírito* (QP 35.9), *embalsamado* > *temprado* (QP 37.27), *escollo* > *baixo* (QP 51.46), *febril* > *febrento* (QP 58.2), *romper* > *forxar* (QP 76.32).

No entanto, a mudanza máis significativa reside no proceso de eliminación de castelanismos, en especial os lexicais: *ciervo* > *cervo* (QP 30.109), *donde* > *onde* (QP 14.33, 46.31 e 34, 48.9)²⁵, *enoxoso* > *noxoso* (QP 25.78), *golondrina* > *anduriña* (QP 23.1, 79.51)²⁶, *largos* > *longos* (QP 79.52), *olvidar* > *esque(n)cer* (QP 26.14, 30.117), *oscuro* > *escuro* (QP 74.25), *pañuelo* > *pano* (QP 29.20)²⁷, *solas* > *soas* (QP 23.14) e *solo* > *tan só(o)* (QP 14.10, 15 e 79; 23.14; 46.17) e mais *tan solo* > *somente* (QP 14.15), *soledade* > *soedade* (QP 23.17, 30.104), *valle* > *val* (QP 14.1, 3 e 31), *ventanilla* > *fenestrela* (PI 30.7), *Virxen* > *Virge* (QP 12.20). Mesmo no ámbito morfosintáctico Pondal exerce tamén unha acción depuradora: *a cárcel* > *o carz'le* (QP 51.73), *estos* > *estes* (QP 26.37 e 41), *conmigo* > *comigo* (QP 14.26), *vir + a + infinitivo* > *vir + infinitivo* (*vinde á abrigarvos* > *vinde*

24 Probabelmente tamén con influencia portuguesa, sempre a través de Camões.

25 Noutras ocasións, Pondal evita o castelanismo mudando a redacción do verso: *Para donde natura* > *A parte en que natura* (QP 74.7).

26 No entanto, en QP 79.51 Pondal muda o *anduriña* de 1858 no definitivo *golondrina* de 1886.

27 Pondal renuncia á contracción *cun* para resolver a diferente contaxe métrica de *pano* no verso: *Cun lindo pañuelo branco* > *Con un lindo pano branco*.

abrigarvos, QP 28.3; *ven á brétoma á alumbrar* > *ven a brétoma alumbrar*, QP 30.72). Outro castelanismo morfolóxico, como *eres*, foi eliminado por medio da refacción estilística de versos: *Non sei quen eres* > *Non te conozo* (QP 51.25), *Non sei quen eres...* > *Quezáis presagio* (QP 51.64).

E para alén destas substitucións documentadas, a análise lingüística doutros textos do período pre-*Queixumes*, nomeadamente d'*A América descuberta*, mostra como certo tipo de castelanismos morfolóxicos e lexicais foron rexeitados na escrita pondaliana definitiva. Véxase, só como mostra, a solución castelá do sufixo latino -TATEM en *amistad* (vv. 213, 262), *lid* (v. 144), *soledad* (vv. 4, 44, 195), *verdad* (v. 195), eliminada dos textos posteriores, ou a presenza de castelanismos que non reaparecen finalmente, como *ahora* (v. 188), *pueblo* (vv. 198, 237, 239) ou *soler* (vv. 79, 109, 235), entre outros.

4. Nobilitación da lingua galega

Consciente da punxente necesidade de dignificación e ennobrecemento do galego (cf. *A lingua tiveran / por lingua d'escravos...*, QP 78.1-2), Eduardo Pondal, ao tempo que vai progresivamente depurando a súa lingua, articula xa desde o comezo da súa actividade literaria unha serie de procedementos nobilitadores que vai dos aspectos gráficos a unha selección lexical extremadamente rigorosa. Este propósito de elevación maniféstase nun certo 'clasicismo visual' conseguido a través de marcas gráficas, como a diérese métrica, de probábel influencia italiana a través de Ariosto e Tasso (cfr., por exemplo, *impetuoso* > *impetüoso*, QP 30.119; *radioso* > *radiöso*, QP 45.77), na proliferación de formas con /s/ líquido, de ton latinizante ('*Spartaco*, '*splendor*', '*sprito*', '*star*' etc.) ou coa utilización masiva de grafías helenizantes (<ch> /k/, <ph> /f/, <th> /t/, <y> /i/ etc.)²⁸, que proporcionan unha roupaxe clásica á lingua pondaliana (cf. *Pantoo* > *Panthoo*, QP 74.2): *Machánidas*, *Micheas*, *Eliphaz*, *éphoros*, *Phenaretas*, *Ephrata*, *Philopemen*, *Daiphantos*, *Phineo* ~ *Phyneo*, *Séphoris*; *Thermópilas* ~ *Thermópylas*, *Themis*, *Athenas*, *Tyrtheo* ~ *Tyrteo*, *thetios*; *cyclóns*, *syrena(s)*, *syрте(s)*, *Gyllippos*, '*Scyla*, *Carybdis* etc.

Tamén debe ser interpretado como ennobrecemento lingüístico certo tipo de utilización de grafías históricas, como algúns hiatos propios da lingua

28 De raíz clásica é tamén a grafía <ll> /l/ (cf., por exemplo, *Callicrátidas* ou *Gyllippos*), xa utilizada desde moi cedo. Cfr. as rimas *bella* - *estrella* - *della* n'*A América descuberta*, vv. 202, 204, 206.

medieval, sen dúbida condicionados polo coñecemento que Pondal tiña dela, de acordo coa difusión que no século XIX se estaba a producir dos nosos textos antigos (López 1991)²⁹ e da fascinación que tales obras causaban ao poeta, que celebra mesmo a publicación da *Crónica Troiana*, editada polo seu amigo Martínez Salazar (cfr. PI 33). Eis, pois, mudanzas nesta liña, como *avós* > *avóos* (QP 51.72), *bo(s)* > *boo(s)* (QP 43.14, 51.69, 74.16) ou *só* > *soo* (QP 30.105).

É neste proceso que se debe inscribir a xeneralizada adopción das grafías histórico-etimolóxicas para /ʃ/, co abandono do uso indiscriminado da grafía <j> para a representación do fonema fricativo palatal (cf. n' *A América descuberta* de 1864 formas como *abaijando*, v. 177; *deijando*, v. 129; *dijo* vv. 49, 126, 177, 217, 220, 241, 245, 259; *fijo*, vv. 29, 31), ou a xeneralizada grafía <x> dominante entre 1865 e 1885, coa reconversión gráfica dos textos publicados antes de *Queixumes: afrixido* > *afrigido* (QP 14.68), *arxivos* > *argivos* (QP 74.3), *finxido* > *fingido* (QP 36.100), *foxen* > *fogen* (QP 30.96), *fuxitivo/a* > *fugitivo/a* (QP 14.34 e 93), *lixreira(s)* > *ligeira(s)* (QP 35.8; 36.35, 46), *lonxe* > *longe* (QP 9.5, 12.3, 18 e 43; 18.46; 21.5; 25.34, 47, 60, 72; 26.26; 30.89; 37.16; 43.13, 18, 23, 48; 46.7, 25), *Muxía* > *Mugía* (QP 26.27), *viaxe* > *viage* (QP 28.17), *viaxeiras* > *viageiras* (QP 23.5), *Virxe* > *Virge* (QP 12.20), *vixilante* > *vigilante* (QP 30.112), *xa* > *ja* (QP 25.76; 30.70 e 79; 36.45 e 47; 45.24; 51.63; 57.10; 59.10), *Xan* > *Jan* (QP 36.18, 41, 54, 64 e 102), *Xaneiro* *Janeiro* (QP 17.3), *xenio* > *genio* (QP 25.86), *xente* > *gente* (QP 21.26; 25.33; 45.144), *xentil* > *gentil* (QP 25.69; 30.113), *Xoán* > *Joán* (QP 36.74), *xuicio* > *juicio* (QP 36.65 e 103), *xuntarán* > *juntarán* (QP 45.76), *xuntos* > *juntos* (QP 37.17 e 25), *xuro* > *juro* (QP 36.73)³⁰.

Esta decisión é ferreamente defendida polo poeta, que pasa a militar nun dos bandos enfrontados pola polémica que se desenvolvía nas páxinas da revista *Galicia*. En carta a Martínez Salazar declara o seguinte³¹:

29 No mesmo ano de *Queixumes dos pinos*, e na mesma colección, aparecen os tres volumes da antoloxía medieval de Antonio de la Iglesia (*El idioma gallego. Su antigüedad y vida*).

30 Ao mesmo tempo, Pondal efectúa algunha redistribución entre as grafías <x> / <g> / <j>: *bojo* > *voxox* (QP 79.54), *salvaje(s)* > *salvage(s)* (QP 30.109, 115; 57.18) etc.

31 Sobre a polémica, cfr. Hermida (1987). Esta división pervive todo o século XIX, con prolongacións posteriores que chegan á actualidade. Aínda en carta de 2 de xullo de 1906 lle di Salvador Golpe a Eduardo Pondal: “Me tiene V. completamente a un lado en la cuestión de la escritura etimológica, y creo que ha llegado la ocasión de poner los fundamentos á una buena gramática gallega”.

Como V. y el Sr. Valladares, en sus conclusiones no hacen otra cosa que corroborar más y más mi sistema ortográfico seguido en la impresión de los *Queixumes* (y que pienso seguir en los *Eoas*), no me huelgo poco en tener a VV. por compañeros en esta cuestión vitalísima.

Ha tiempo recuerdo haber manifestado a V., en ésa, y al Sr. Valladares, en Santiago, mis opiniones explícitas sobre el particular; y este señor y todo el mundo saben que soy un *etimologista* sin eufemismos ni ambages (en Ferreiro 1991a: 149).

Porén, a culminación do proceso nobilitador da lingua en Pondal é conseguido coa masiva introdución de formas lexicais de orixe greco-latina, que produce unha rutilante acumulación de cultismos, un dos trazos caracterizadores da lingua pondaliana. Esa tendencia, perceptíbel desde os seus máis temperáns textos (pois xa se manifesta nas oitavas eóicas publicadas en 1857), vaise acelerando co paso dos anos, de modo que as refaccións textuais serven para incrementar o proceso de importación lexical clásica. Resultan significativas certas redaccións alternativas en textos revisados para a súa incorporación a *Queixumes* (cfr., por exemplo, a incorporación de voces como *diuturna*, *pungente* ou *sanguinosas* en QP 59).

Deste modo, a obra pondaliana, e nomeadamente *Os Eoas*, mostran unha multiplicación de cultismos sen comparanza en ningún autor contemporáneo do século XIX ou, mesmo, posterior (*aspérrimo*, *diuturno*, *férrido*, *pigro*, *sitibundo*, *ubertuoso*, *vitando*, *voluptade...*), ao tempo que Eduardo Pondal contribúe poderosamente á renovación da lingua por medio dunha creativa intervención no ámbito vocabular coa formación de novas voces, sobre todo mediante algúns sufixos caros ao poeta (nomeadamente *-ento* e *-ido*, cfr. *areoento*, *gandrento*, *sangoento*, *roburento*, *mólido*, *vagadío* etc.).

Pondal culmina a tarefa nobilitadora no ámbito do léxico coa introdución doutros empréstitos lingüísticos externos, alleos ao español, nomeadamente galicismos (*mirage*, *servitude*, *solitude...*) e italianismos (*baldanza*, *corredar*, *debolza*, *mancanza*, *nocumento*, *partenza*, *posante*, *sobrarstar...*), que rompen o 'teito' da lingua colonizadora e confirman a procura dun modelo lingüístico lonxincuo dun cómodo seguidismo castelanista ou dun fácil –e frecuente– desleixo dialecto-populista. Sen dúbida, a literatura portuguesa, nomeadamente a través de Camões, a épica clásica italiana ou a literatura francesa funcionaban, xunto cos clásicos greco-latinos, como espellos en que Pondal se ollaba para (re) construír unha literatura que dese voz a Galiza como país de lingua e cultura esquecida, como nación negada.

5. Ramo: Unha *lingua sonora para cantos férvidos e ousados*

Unilingüismo galego e creación dunha lingua literaria depurada e de altísima calidade son, pois, trazos que individualizan Eduardo Pondal como poeta fundamental e basilar no Rexurdimento. Ambos os eixos teñen a ver tanto coa influencia rosaliana como coa militancia nacionalista *avant la lettre*, desde a súa misión bárdica e a asunción dunha voz poética vangardista para o proceso de redención galega.

Rosalía de Castro estaba moi directamente relacionada con Eduardo Pondal: existía conexión familiar a través de Eduarda, irmá do poeta, con quen compartiu romaría da Virxe da Barca en Muxía no ano 1853 (cfr. Carballo Calero 1979); a autora de Padrón concorreu co futuro Bardo na vida político-cultural compostelá dos últimos anos da década de 50; coinciden ambos en estadias balneares (cfr. a carta de Pondal a Murguía en Barreiro Fernández & Axeitos 2003: 488-489), e mantiñan diálogo epistolar conforme demostran algúns testemuños conservados (Ferreiro 1991a: 85-87, 101-102; Barreiro Fernández & Axeitos 2005: 424-425). É por iso que, para alén destas relacións directas, Rosalía, tamén esposa de Manuel Murguía, amigo íntimo e compañeiro e guía intelectual de Eduardo Pondal³², ten de estar na base da súa conversión nun poeta unilingüe: primeiro, coa publicación dos *Cantares Gallegos* en 1863, ano en que Pondal inverte a proporción de textos galegos verbo dos escritos en castelán; finalmente, a desaparición de Rosalía en 1885 debeu tamén pesar en Pondal para se converter definitivamente ao unilingüismo e consolidar de facto o seu papel como poeta nacional até a súa morte en 1917.

Neste sentido, o feito de Pondal abandonar o español como lingua literaria e se converter no primeiro poeta unilingüe non pode ser alleo á vontade de redención nacional manifesta en numerosos poemas e ao carácter de bardo do pobo galego, nin pode, por suposto, afastarse da súa ideoloxía

32 Eis, como mostra, as palabras que Pondal lle dedica no seu primeiro testamento, redactado en 1870: “y habida consideracion al afecto que profesa a su amigo Don Manuel Martinez Murguía de la Ciudad de Santiago, le legara todos los libros, y escritos literarios que pertenecientes al Don Eduardo Pondal resulten ecistentes a su fallecimiento, con el anillo de oro que lleba puesto y usa el testador para que desde que este fallezca, le sea todo entregado al Don Manuel Martinez que lo conserbará como recuerdo y simbolo del aprecio e íntima amistad que le profesa” (en Ferreiro 1991a: 31-32). Por outra parte, as numerosas cartas cruzadas entre Pondal e Murguía (cfr. Ferreiro 1991a, Barreiro Fernández & Axeitos 2003 e 2005), para alén do capítulo que Murguía dedica en *Los Precursores* a Pondal, mostran a amizade persoal e a sintonía intelectual e política entre os dous persoeiros.

nacionalista (“rexionalista” na terminoloxía da época). Con todas as contradicións que se quixeren, a complexa e poliédrica obra poética pondaliana, sustentada nunha arquitectura céltico-galega como metáfora do enfrontamento Galiza / España e atravesada por un iberismo liderado polos “fillos de Breogán” –que é manifesto e explícito en «Boandanza, saúde» (QP 45)– na procura do *ibérico ideal*, volve unha e outra vez a feitos fundamentais na historia galega (reais ou mitolóxicos), algún tan recente como o fusilamento dos Mártires de Carral, motivo reiterado na obra pondaliana, con tres composicións (QP 76, PI 27 e 42). A obra do bardo bergantiñán mostra unha importante liña de poesía política e patriótica sustentada en múltiples construcións poéticas en que teñen presenza os nacionalistas gregos e irlandeses (Marco Botzaris, O’Connell, Parnell, cfr. QP 77), os movementos de liberación de diversas nacións europeas (Servia, Ucraína, Polonia, Escocia; cfr. QP 77, PM 62, PM 76, PM 116)³³, a resistencia nacional catalá (cfr. PM 21) ou os explícitos textos anticasteláns, como símbolo de España, xa que Castela é considerada como “a gran prostituta / d’España no centro” (cfr., por exemplo, PM 21, 22, 23, 61).

No pensamento pondaliano subxace a idea de que a “nazón de Breogán”, a “patria escura d’escravos e d’ilotas” precisaba dunha lingua elevada e nobre, que restaurase os *lazos cos fillos do Luso* (PM 41), *apartados irmáns / de nós por un destino / envidioso e fatal* (PM 44.34-36). Na procura dese modelo de alta cualidade lingüístico-expresiva, Eduardo Pondal, con diuturna dedicación, revisa, emenda e eleva o idioma desde a súa radical defensa da patria opresa e desde a explícita vontade de redención nacional, onde a lingua cumpre unha fundamental función identitaria e caracteriza-dora da nación galega (cfr. QP 78, PI 10 ou, sobre todo, PM 4).

Referencias bibliográficas

BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. (2012): *Murguía* (Vigo: Galaxia).

BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. & AXEITOS, X. L. (2003): *Cartas a Murguía I*. Edición, introdución e notas (A Coruña: Fundación Barrié de la Maza).

BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. & AXEITOS, X. L. (2005): *Cartas a Murguía II (1868-1885)*. Edición, introdución e notas (A Coruña: Fundación Barrié de la Maza).

33 Probabelmente informado por Murguía, que foi correspondente (europeo) do xornal *La crónica* de Nova York, onde se ocupaba, entre outros asuntos, de temas internacionais (Barreiro Fernández 2012: 230-242).

- CARBALLO CALERO, R. (1961): *Versos ñorados ou esqucidos de Eduardo Pondal* (Vigo: Galaxia).
- CARBALLO CALERO, R. (1975) [1963]: *Historia da literatura galega contemporánea* (Vigo: Galaxia).
- CARBALLO CALERO, R. (1979) [1960]: “Rosalía e Castro e Eduarda Pondal”, en *Estudos Rosalianos: aspectos da vida e da obra de Rosalía de Castro*, 43-52 (Vigo: Galaxia).
- FERREIRO, M. (1991a): *Eduardo Pondal: do dandysmo á loucura (Biografía e correspondencia)* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- FERREIRO, M. (1991b): “A lingua pondaliana e a formación do estándar literario galego”, *Cadernos de Lingua* 4, 49-70.
- FERREIRO, M. (1997): “Pondal ‘ao estilo’ de Joan Zorro: A primeira cantiga neotrobadoresca galega”, en *Congreso O Mar das Cantigas*, 213-234 (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia).
- GÓMEZ CLEMENTE, X. & ARIAS FREIXEDO, X. B. (1990): “O ‘Vocabulario Gallego-Castellano de Eduardo Pondal’”, *Cadernos de Lingua* 2, 11-46.
- HERMIDA, C. (1987): “A polémica ortográfica a finais do século XIX (1888). A grafía do [š]” *Grial* 97, 299-316.
- LÓPEZ, T. (1991): *Névoas de antano. Ecos dos cancioneiros galego-portugueses no século XIX* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- MÉNDEZ FERRÍN, X. L. (1984): *De Pondal a Novoneyra* (Vigo: Xerais).
- NAYA, J. (1946-1950): “Dos sonetos, inéditos, de Pondal”, *Boletín de la Real Academia Gallega* 289-293, 167-169.
- NEIRA PÉREZ, J. F. (2010): “Dous autógrafos inéditos de Eduardo Pondal: o Banquete de Conxo”, *Boletín da Real Academia Galega* 371, 363-373.
- PARDO BAZÁN, E. (1984) [1888]: “Luz de luna (Eduardo Pondal)”, en *De mi terra*, 67-81 (Vigo: Xerais).
- PONDAL, E. (1995): *Poesía Galega Completa*. Vol. I. *Queixumes dos pinos*. Edición de M. FERREIRO (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- PONDAL, E. (2001): *Poesía Galega Completa*. Vol. II. *Poemas Impresos*. Edición de M. FERREIRO (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- PONDAL, E. (2002): *Poesía Galega Completa*. Vol. III. *Poemas Manuscritos*. Edición de M. FERREIRO (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- PONDAL, E. (2005): *Poesía Galega Completa*. Vol. IV. *Os Eoas*. Edición de M. FERREIRO (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- TATO FONTAÍÑA, L. (1999): *Historia do teatro galego. Das orixes a 1936* (Vigo: A Nosa Terra).